

PERCORRIDO POR UNHA NOVELA, UN AUTOR E UN LUGAR

Bícame, Frank // Ramón Cabanillas // Cambados

INTRODUCCIÓN

A materia de Lingua e Literatura galega pódese abordar dende moitas perspectivas pero sempre debemos ter en conta tanto contidos como competencias. Estes percorridos que elaboramos pretenden conxugar saberes pragmáticos (comprender un texto, saber orientarse, interactuar con persoas descoñecidas...) e coñecementos básicos da lingua e a literatura (a figura dun autor clásico das nosas letras, como neste caso Ramón Cabanillas), pero tamén darlle dinamismo á adquisición deses coñecementos (camiñar, buscar, preguntar, fotografar...) e transformalo nunha experiencia grata ao tratarse dunha realidade vivida en primeira persoa pero dentro dun grupo.

OBXECTIVOS

Debemos distinguir entre os obxectivos xerais do proxecto e os que pretendemos que acade o alumnado implicado.

- I. Obxectivos xerais
 - a. Achegar as obras literarias e a autores clásicos a través dos espazos.
 - b. Interrelacionar entre distintas disciplinas: literatura galega, literatura castelá, historia, arte, etnografía, educación física, ciencias da natureza...
 - c. Colaborar con outros centros escolares (o club de lectura do IES Universidade Laboral de Ourense).
 - d. Colaborar con outros organismos ou entidades (por exemplo o concello de Cambados).
 - e. Conmemorar datas sinaladas (Centenario da publicación de *Vento Mareiro* de Ramón Cabanillas)
 - f. Visitar casas-museo de personalidades da nosa literatura (Ramón Cabanillas).
- II. Obxectivos docentes
 - a. Fomentar a lectura.
 - b. Adquirir coñecementos.
 - c. Potenciar o sentido da orientación
 - d. Interrelacionarse con persoas descoñecidas.
 - e. Manexar as TAC (móbil, ordenador...).
 - f. Poñer en valor a nosa cultura (literatura, arte, etnografía...)
 - g. Realizar exercicio físico.
 - h. Desenvolver actividades ao aire libre.

CONTIDOS

1. Vida e obra de Ramón Cabanillas.
2. Estrutura da novela negra.
3. Arte: escultores galegos de orixe cambadesa (Francisco Asorey, Francisco Leiro, Manolo Paz, Narciso Pérez)

4. Historia: orixe e uso da Torre de San Sadurniño, orixe e estilos arquitectónicos da Igrexa de San Bieito, ruínas de Santa María.
5. Outros escritores galegos con presenza en Cambados: Ramón Valle Inclán e Emilia Pardo Bazán.
6. Funcionamento de elementos da arquitectura popular: un muíño de mareas.
7. Elementos de etnografía: a realidade mariñeira (o rañeiro).

DESTINATARIOS

Estes roteiros foron elaborados para poñelos en práctica co alumnado de 4 ESO, pois a figura de Ramón Cabanillas, autor que constitúe a ponte entre o Rexurdimento e a Xeración Nós, é un dos primeiros autores que se han de abordar ao longo do curso académico.

PERIODIZACIÓN

A preparación da actividade tivo lugar ao longo de todo o primeiro trimestre do curso 2015/2016, se ben a posta en práctica definitiva do roteiro foi o martes 15 de decembro.

LOCALIZACIÓN

Ao longo do trimestre as actividades tiveron lugar na aula correspondente.

O día 15 viaxamos ata Cambados. En primeiro lugar xuntámonos co autor no salón de actos de ExpoSalnés (oficina de Turismo do Concello de Cambados). Logo, acudimos á Casa-Museo de Cabanillas (situada na rúa Novidades).

O percorrido posterior conta con dez puntos de interese:

- Muíño da Seca
- Praza de Fefiñáns
- Cemiterio de Cambados
- Casa-Museo Cabanillas
- Pazo de Torrado
- Casa do Concello
- Pazo de Ulloa
- Ruínas de Santa María
- Torre de San Sadurniño
- Paseo da Calzada

Porén, no transcurso da actividade tamén visitarán outros lugares destacados: a rotonda de Tragove, rúa Real, praza de Asorey, praza Ramón Cabanillas, Igrexa de S. Francisco, Biblioteca municipal e rúa Olmos.

MATERIAIS

- Exemplares da novela *Bícame, Frank*, de Miguel Anxo Fernández.
- Mapa de Cambados.
- Teléfonos móbiles con cámara.
- Caderniño do percorrido.

- Material de escritura.

Aconsellamos vir vestidos tendo en conta as condicións climatolóxicas (botas, chubasqueiro e paraugas).

DESENVOLVEMENTO

I. Previo ao inicio do curso

Partimos da obra de Miguel Anxo Fernández *Bícame, Frank*, que mestura realidade e ficción literaria: os feitos reais fan referencia a Ramón Cabanillas e a vila de Cambados e a ficción xira arredor da trama policial que parte da desaparición do manuscrito orixinal de *Vento mareiro*.

Nos capítulos 2 e 3 o autor introduce ao poeta cambadés:

«Celebrábase na vila o Ano Cabanillas arredor do insigne “poeta da raza”, e mantiña unha exposición no pazo de Torrado que eu quería visitar. Amosaban o manuscrito de *Vento mareiro*, unha peza non só única, senón tamén de gran valor histórico para a cultura da Breogania». (p. 21)

«Á altura da casa do concello sentei a carón do bronce co admirado Ramón Cabanillas ollando cara ao mar de Arousa, e pedínlle a un transeúnte o favor de tirarme unha foto co meu móbil.» (p. 28)

«Animeime e encarei Vilagarcía de Arousa pola vía rápida, acompañado de María do Ceo cantando a Cabanillas en *Celme encantado*.» (p. 36)

Pero tamén se refire a distintas pezas escultóricas de Cambados:

«Xa podía Sugar mangar un Balboas da praza de Fefiñáns, o Baco de Leiro na praza de Cabanillas ou a escultura de Manolo Paz no Pombal, algúns dos referentes cambadeses, segundo lera, que nin a paus interviría, nin nada diría.» (p. 32)

Ou mesmo á casa de Cabanillas (capítulo 4):

«A casa de Cabanillas era un patín mariñeiro da arquitectura popular da segunda metade do século XIX, na rúa Novedades. Escasa, pero xeitosa. Evidenciaba o pouco que en tempos tiña aquela xente e o ben que se compuñan pese ás limitacións do espazo.» (p.42)


E aínda continúa citando a obra do autor (capítulo 8):

«Trouxera comigo a Poesía galega completa de Cabanillas, que mercara na librería co seu nome, en Cambados, e aínda lin uns cantos poemas antes de caer nos brazos de Morfeo.» (p. 83)

Ademais ao longo da obra, fundamentalmente na primeira parte, aparecen todos os lugares de interese da vila de Cambados que logo empregaremos como puntos do roteiro. En total sinalamos dez puntos aínda que no percorrido figuran outros lugares de paso tamén de interese.

II. Ao longo do trimestre, antes do día do roteiro

Ao inicio do curso presentóuselles aos escolares a novela de Miguel Anxo *Fernández Bícame, Frank*, que constitúíu o libro de lectura obrigatoria neste trimestre na materia de Lingua e Literatura galega. Así mesmo, comunicóuselles a creación dun blog (bicamefrank.blogspot.com) no que se irían colgando aspectos referidos ao desenvolvemento da obra.



A partir de aí semanalmente algún alumno/a saía a comentar brevemente os capítulos correspondentes: dous alumnos cada semana e dous capítulos cada alumno. Os comentarios non se limitaron a un simple resumo do contido da obra senón que se analizaban algúns aspectos de interese: o que lles chamaba a atención, o que lles gustaba, o que non entendían...

Paralelamente, no desenvolvemento da clase abordamos a figura de Ramón Cabanillas (a súa vida, as influencias que tivo, os recoñecementos...), así como a súa obra. Botamos man para isto de recursos da rede tanto propios como alleos que compartimos no blog esbenxeitosa.blogspot.com. Por outra banda, parte do alumnado elaborou liñas do tempo do autor estudado empregando *Timeline*.




III. O día do roteiro

Finalmente, o 15 de decembro (eliximos o martes porque é o día que temos clase pola tarde e polo tanto contabamos con máis tempo para a saída) acudimos a Cambados a encontrarnos co autor, Miguel Anxo Fernández, visitar a casa-museo de Cabanillas e levar a cabo os percorridos polo concello de Cambados.



Atendendo ao número de alumnos e ao de profesores acompañantes cos que contabamos fixemos catro grupos compostos por sete rapaces e un profesor. Deste xeito precisabamos catro percorridos iguais pero diferentes: todos visitarán os mesmos lugares, pero en distinta orde. O primeiro grupo partiría do Muíño da Seca; o segundo, da Casa do Concello; o terceiro, da Torre de San Sadurniño; e o cuarto e último, do Pazo de Torrado.



Para cada punto existe unha ficha con preguntas (tanto sobre o libro como sobre o contorno) e actividades que o alumnado debe levar a cabo. En todos os puntos cómpre facer unha fotografía de grupo, de tal forma que se comprobe que non se separan, co elemento significativo dese lugar e, nalgúns casos, pídenselles outras fotos de elementos destacables (placas conmemorativas, estatuas, etc.). Ao mesmo tempo, o grupo debe entrar en contacto coas persoas do contorno e formularlles diferentes preguntas referidas ao lugar no que se atopan.

O tempo estimado para realizar o percorrido completo é de tres horas. Partimos todos dun mesmo punto e rematamos nun lugar acordado, neste caso no Paseo da Calzada, fronte ao monumento a Cabanillas de Asorey.

Para mantermos en contacto ao longo da proba creamos un grupo de WhatsApp (Roteiro Bícame, Frank) no que figuraban o profesorado implicado e un alumno membro de cada grupo. A través deste grupo se envían as fotos que se solicitan en cada punto.

O grupo que consiga completar correctamente todo caderniño no menor tempo posible será o equipo gañador e obterá algún premio simbólico.

(O vídeo coas fotos dos percorridos: <https://www.youtube.com/watch?v=tLNAYZ0fuCQ>)

IV. Despois do roteiro

O alumnado debe elaborar un traballo en formato dixital no que conxuguen os poemas da obra *Vento mareiro* de Ramón Cabanillas coas fotografías que tomaron ao longo do percorrido por Cambados. No traballo valorarase que inclúan son (a poder ser eles mesmos recitando os poemas).

A presentación do traballo tanto pode ser nun documento de Open Office, Word ou Page, como unha presentación de diapositivas con Power Point ou algún programa similar, ou mesmo presentacións máis elaboradas mediante Prezi ou Emaze, entre outras.